

**PROPOSTA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DO CARBALLIÑO E A ENTIDADE “AFAOR” PARA ESTABLECER AS CONDICIÓNS E COMPROMISOS APLICABLES Á SUBVENCIÓN PREVISTA CON CARÁCTER NOMINATIVO NO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2019**

O Carballiño, 23 de MAIO de 2019

**REUNIDOS**

Dunha parte **D. Francisco José Fumega Piñeiro**, Alcalde- Presidente do Concello do Carballiño (Ourense) exceptuado de sinalar as súas circunstancias persoais por razón do cargo que ocupa, actuando en nome e representación do mesmo.

E doutra, **Dona María Dolores Neira Rodríguez** en representación da Entidade “AFAOR” con CIF G-32198970 con domicilio principal en R/Nuestra Señora de la Saínza, nº19, baixo, actuando en nome e representación da mesma.

**MANIFESTAN**

- I. Que a asociación “AFAOR” ocúpase entre outras funcións, de dar resposta ás necesidades sociais das familias que contan con persoas maiores e/ou dependentes no seu seo e que residen no municipio do Carballiño.
- II. Que o Concello considera que a labor que realiza “AFAOR” constitúe unha manifestación social que potencia a integración ademais de promover o benestar social da cidadanía levando a cabo actividades de interese xeral que cumpren unha función social, en continua colaboración coas actividades municipais.
- III. É de interese público todas as actividades levadas a cabo por AFAOR.
- IV. Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, posibilitan nos seus artigos 25 e 80 respectivamente, as funcións de promoción e estímulo de actividades de interese local, recoñecendo como competencias propias dos concellos as de acción social.
- V. As axudas económicas e as subvencións forman parte da actividade de fomento da que a Administración Local pode facer uso co fin de promover e apoiar actividades de interese público que contribúan á satisfacción de necesidades ou intereses propios da comunidade veciñal local. É en definitiva, unha medida de carácter económico tendente a que sexan a propia cidadanía da comunidade local, de xeito individual ou asociativo, os que libremente colaboren co cumprimento de fins colectivos convenientes ou desexables e non dispoñan de recursos suficientes para levar a cabo a actividade de que se trate.
- VI. Que nas Bases de execución do orzamento para o **exercicio 2019** consta a seguinte subvención nominativa:

| Aplicación orzamentaria | Entidade beneficiaria | Importe     |
|-------------------------|-----------------------|-------------|
| 231.13480.01            | AFAOR                 | 16.000,00 € |

- VII. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de FORMA DIRECTA as Subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recollidos nos CONVENIOS e na normativa reguladora destas Subvencións, e no artigo 28, establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas SUBVENCIÓNS.
- VIII. Que o RD. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións, no seu artigo 66, prevé que nestes supostos o acto de concesión ou convenio terán o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do establecido na LXS, e determina o contido do mesmo.



Así pois, de conformidade co establecido nas citadas disposicións, ambas as partes acordan subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, o cal se rexerá polas seguintes:

## CLÁUSULAS

### 1. OBXECTO DO CONVENIO.

O presente convenio formalízase co obxecto de sufragar, en parte, os gastos derivados das seguintes actividades:

TALLER DE ESTIMULACIÓN destinado a persoas que padezan un deterioro cognitivo leve (sea ou non unha demencia), que seguirá unha metodoloxía similiar a empregada ata a data.

### 2. CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A contía da subvención ascende a 16.000,00 euros, que é o importe total do crédito orzamentario autorizado. O devandito crédito é un crédito do capítulo 231.13480.01 para AFAOR polo que non poderán aplicarse os fondos a gastos de distinta natureza e finalidade á que é propia dos gastos imputables ao devandito crédito.

Dita contía total (100%) da subvención outorgada impútase o exercicio económico 2019.

### 3. PERÍODO SUBVENCIONABLE

Este acordo contempla a execución do PROXECTO TALLERES DE ESTIMULACIÓN E PREVENCIÓN DO DETERIORO COGNITIVO durante o período comprendido dende o 01 de SETEMBRO de 2018 ata o 30 de XUÑO de 2019.

### 4. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas, sempre e cando o importe da subvención concedida non sexa en ningún caso de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

### 5. OBRIGAS XERAIS DA ENTIDADE/ASOCIACIÓN BENEFICIARIA.

A entidade beneficiaria comprométese a:

- A. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar as actividades ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- B. Xustificar ante o órgano que concede a subvención o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce de dita subvención.
- C. Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano que concede a subvención, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- D. Comunicar ao órgano que concede a subvención ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.



- E. Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social.

O Concello comprobará de oficio que a Asociación non ten débedas pendentes coa facenda local.

- F. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cuantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- G. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- H. Manter coordinación permanente coa Área de Benestar Social do Concello do Carballiño.
- I. Se se realizasen actividades de difusión do proxecto, en calquera soporte, deberá deixarse constancia da existencia de financiamento do Concello do Carballiño.

Así mesmo a entidade responsabilízase de:

- Realizar as actividades que fundamentan o presente convenio.
- Contar cos medios persoais e materiais adecuados para o cumprimento dos fins citados.
- Velar polo cumprimento dos dereitos e obrigas que as leis lles confiran ós beneficiarios do proxecto, debendo realizar unha evolución do proxecto e da actividade.

## 6. GASTOS SUBVENCIONABLES.

1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo establecido no presente convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. A vista do proxecto presentado polo beneficiario, o importe do gasto subvencionable ascende a 19000euros. Dado que a subvención outorgada é de 16000euros, esta representa o 84,21% dos gastos do proxecto presentado. Porque ademais contan cunha subvención de 3000euros otorgada pola Federación Galega de Alzheimer (FAGAL).
2. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado dende con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado no presente convenio (15.09.2019)

## 7. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

De acordo co artigo 30 da LXS, a rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender:

- a) Instancia subsrita polo Presidente da Asociación na que solicite a xustificación da subvención outorgada
- b) Presentación da conta xustificativa, que comprenderá:
- Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas, financiadas coa subvención e o seu custo.
  - Relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).
  - Presentación de facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico mercantil ou laboral (TC's, cartas de pago, etc.). Así como os documentos bancarios no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pagamento das mesmas. So se admitirán pagos en metálico conforme ó que dispoñen as Bases de Execución do Orzamento do Concello de O Carballiño que se reproducen



literalmente: "Os beneficiarios das subvencións deben utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias, cheques, etc) e só excepcionalmente poderán utilizar o pago en metálico en cuxo gasto no documento deberá constar o selo de pagado, selo de proveedor debidamente asinado, con nome, apelidos e DNI da persoa que recibe o pagamento. En ningún caso, os pagos en metálico poden exceder de 300 euros por cada proveedor e de 1000 euros en cómputo global da subvención outorgada."

- Declaración xurada do beneficiario que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada.
  - Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións). Tamén deberá acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas.
  - De ser o caso, un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello do Carballiño.
  - Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Facenda estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social. O Concello comprobará de oficio que a Asociación se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa facenda local.
- c) Os gastos certificados teñen que ser iguais ou superiores ao importe da subvención concedida, en cada tempada.
- d) O prazo para presentar a documentación xustificativa será ata o día **30.09.2019**.

## 8. FORMA DE PAGO.

Pago do 25% da cantidade orzamentada ( 4000€) despois da firma do presente acordo e tras a presentación da solicitude/instancia subscrita polo Presidente da Asociación na que solicite o pago da subvención no número de conta corrente indicada e posteriormente o restante da cantidade acordada previa xustificación e ata o 1 de setembro de 2019.

Segundo pago doutro 25% da cantidade orzamentada (4000€), previa presentación dunha memoria final descriptiva das accións executadas, resultados obtidos e incidencias acaecidas, así como unha liquidación de ingresos e gastos xerados polo desenvolvemento da actividade. Ademais AFAOR presentará unha nova factura polo importe restante a percibir segundo o presente convenio, acompañado da solicitude de pago correspondente, así como novos certificados de estas ó corrente das súas obrigacións fiscais e laborais.

Terceiro pago doutro 25% da cantidade orzamentada (4000€), previa presentación dunha memoria final descriptiva das accións executadas, resultados obtidos e incidencias acaecidas, así como unha liquidación de ingresos e gastos xerados polo desenvolvemento da actividade. Ademais AFAOR presentará unha nova factura polo importe restante a percibir segundo o presente convenio, acompañado da solicitude de pago correspondente, así como novos certificados de estas ó corrente das súas obrigacións fiscais e laborais.

Cuarto pago do 25% restante da cantidade orzamentada (4000€), previa presentación dunha memoria final descriptiva das accións executadas, resultados obtidos e incidencias acaecidas, así como unha liquidación de ingresos e gastos xerados polo desenvolvemento da actividade. Ademais AFAOR presentará unha nova factura polo importe restante a percibir segundo o presente convenio, acompañado da solicitude de pago correspondente, así como novos certificados de estas ó corrente das súas obrigacións fiscais e laborais.

En ningún caso poderán imputarse gastos dun exercicio diferente ao subvencionable (Exercicio\_2019), ou que os gastos non sexan suficientes para xustificar o importe da subvención concedida.



## 9. DIFUSIÓN.

As partes comprométense a destacar a colaboración, obxecto do presente convenio, incluíndo os seus logotipos, en cantos medios se utilicen para a súa promoción e difusión (comunicacións, páxinas web, facebook, etc...) así como nas actividades e na documentación que se xenere como consecuencia do desenvolvemento da mesma, respetando, en todo caso, o logotipo e directrices de imaxe externa que se indique pola entidades.

## 10. INFRACIÓNS E SANCIÓNS

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto no Capítulo IX da Ordenanza Xeral Reguladora das Subvencións do Concello do Carballiño (BOP núm. 49, de 2 de marzo de 2015).

## 11. ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor unha vez aprobado polo órgano municipal competente e subscrito polas partes, mantendo a súa vixencia durante o exercicio 2019.

En todo o non contemplado neste convenio estarase ao disposto na LXS e restante normativa de aplicación.

Así o conveñen as partes e en proba de conformidade con canto antecede asinan o presente documento por triplicado en lugar e data ao principio indicados.

O ALCALDE

A PRESIDENCIA DE AFAOR

ASINADO DIXITALEM NTE

Asdo.

